

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA LICITACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO “SERC260101.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL SPI-GALICIA, SA”.

A presente memoria redáctase aos efectos do previsto nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), así como do artigo 33 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Así mesmo, será obxecto de publicación no perfil do contratante de SPI Galicia www.spigalicia.es e na plataforma de Contratos de Galicia na páxina web www.contratosdeg Galicia.gal

Conforme ao art. 17 da LCSP, estamos ante un contrato de servizos.

1. ANTECEDENTES

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., (SPI) é unha Sociedade Anónima Unipersoal adscrita á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

O artigo 1 dos estatutos da Sociedade Pública de investimentos de Galicia, SA. (SPI Galicia, SA), establece que esta sociedade ten a consideración de medio propio personificado da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico.

O artigo 2 dispón, entre outras cousas, que o obxecto da sociedade é proxectar, construír, conservar e explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome propio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuacións, de toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver en ditas infraestruturas.

Todas estas actividades poderán desenvolverse total ou parcialmente mediante a participación da dita sociedade pública, suxeita sempre á Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outra disposición que sexa aplicable polo seu carácter de sociedade mercantil pública autonómica en sociedades de obxecto idéntico ou análogo.

Nas súas actuacións haberá de respectar os principios de publicidade e concorrência propios da contratación administrativa.

Pola súa condición de Sociedade Pública Autonómica e en razón do seu obxecto social encádrase como poder adxudicador, que non ten o carácter de Administración Pública, segundo o artigo 3.3.d da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, establécese como Perfil de Contratante de SPI o seguinte: <http://www.spigalicia.es>. Nel inclúiranse tódolos datos e información relativos á presente licitación.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, establécese como Perfil de Contratante de SPI o seguinte: <http://www.spigalicia.es>. Nel inclúiranse tódolos datos e información relativos á presente licitación.

SPI Galicia, SA non dispón dos medios humanos e materiais necesarios para levar a cabo a citada actuación.

Como consecuencia do exposto anteriormente, e aos efectos do indicado nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, queda suficientemente motivada a necesidade de celebrar o contrato de servizos **“SERC260101.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL SPI-GALICIA, SA”**.

2. NECESIDADE DO CONTRATO (Artigo 116.4.e) LCSP)

A necesidade da prestación obxecto deste contrato ten por finalidade dar cumprimento aos fins institucionais establecidos na Resolución do 18 de abril de 2011 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se aproba a modificación dos estatutos da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, autorizada mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de marzo de 2011.

Neste contexto, resulta necesaria a contratación da execución do servizo denominado “SERC260101.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL SPI-GALICIA, SA”, cuxo alcance e características se detallan no prego de prescricións técnicas particulares. Así mesmo, neste documento especifícanse as necesidades administrativas que se pretenden satisfacer mediante o contrato, así como os factores de toda índole que deberán ser tidos en conta polos licitadores e pola empresa adxudicataria, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP).

3. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste contrato de servizos consiste na prestación á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia do seguro que cubra os riscos de Responsabilidade Civil nos termos e condicións recollidos no prego de prescricións e da cordo co previsto na Lei 50/1980, de 8 de outubro, do contrato de seguros.

A contratación levarase a cabo con estrita suxeición ó prego de prescricións (PPT) que rexe esta contratación.

4. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO EMPREGADO (Artigo 116.4.a) LCSP)

O artigo 131 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, establece que os contratos se adxudicarán, de xeito ordinario, empregando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido.

Neste expediente séguese o procedemento aberto, con aplicación de pluralidade de criterios de adxudicación, conforme ao establecido nos artigos 131.2 e 156 e seguintes da LCSP, para acadar a maior concorrencia de ofertas que sexa posible. A tramitación do procedemento será ordinaria.

Atendendo ao concepto de valor estimado, recollido no artigo 101 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e do seu cálculo, así como ao establecido no artigo 22 da dita Lei, este contrato non se atopa suxeito a regulación harmonizada.

5. INSUFICIENCIA DE MEDIOS (artigo 116.4.f) LCSP)

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA non conta cos medios especializados necesarios para levar a cabo os mesmos, polo que resulta necesaria a súa contratación externa.

6. DIVISIÓN EN LOTES (artigo 116.4.g) LCSP)

A correcta execución do contrato non permite a división en lotes. A contratación independente dos diferentes traballos que comprende a execución do contrato podería xerar conflitos entre os diferentes contratistas e deficiencias na prestación do servizo a realizar.

7. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (artigo 116.4.d) LCSP)

- 1. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** Cento vinte mil euros (120.000 €)
- 2. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:** Sesenta mil euros (60.000 €)

Este contrato, está exento de IVE conforme ao previsto no art.20.16 da lei 37/1992, do 20 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

O incremento do orzamento base de licitación respecto da convocatoria anterior responde, en primeiro lugar, á necesidade de dotar o expediente dun importe suficiente que permita xerar unha marxe axeitada para a mellora das condicións por parte dos licitadores, co fin de favorecer a concorrencia e a competitividade do procedemento. O incremento do orzamento asignado para o exercicio 2026 respecto da licitación anterior responde ao aumento da actividade e do nivel de exposición asociado, o que require unha adecuación da prima aos parámetros técnicos do mercado.

Outro factor que cómpre ter en conta é que o incremento do orzamento se atopa igualmente xustificado pola inclusión de novas actividades e pola ampliación do obxecto social da entidade asegurada, circunstancia habitual no ámbito das administracións públicas. Esta evolución comporta un incremento do ámbito de responsabilidade e das posibles continxencias cubertas, ao incorporar novas liñas de actuación, servizos ou infraestruturas dentro do perímetro asegurador, o que redunda nunha maior exposición ao risco e fai necesaria a correspondente adecuación da prima.

En consecuencia, a dita ampliación do risco asegurado require unha adecuada adaptación dos parámetros de aseguramento e, en particular, da prima, co fin de reflectir de maneira proporcional o incremento da exposición e garantir a correcta cobertura das responsabilidades derivadas da actividade desenvolvida.

8. PRAZO DE EXECUCIÓN

12 meses (dende as 00.00 horas do 15 de outubro de 2026 ata as 00:00 horas do 15 de outubro de 2027)

Prórroga. Máximo de 12 meses (1 de 12 meses).

O contrato poderá prorrogarse por mutuo acordo das partes e por un máximo de 1 ano adicional.

A prórroga acordarase co órgano de contratación e será obrigatoria para o adxudicatario, salvo se existe preaviso de denuncia pola súa parte, por escrito con seis meses de antelación ao vencemento anual da póliza. En caso de oposición á prórroga pola organización contratante deberá denunciar con dous meses de antelación ao vencemento á aseguradora.

No caso de que o seguro deba deixar de ter efecto e non se formalizase a un novo, quedará prorrogado obrigatoriamente por un prazo máximo de ata tres meses, nas mesmas condicións de taxas e coberturas co abono ó asegurador da prima que proceda polo tempo que dure esta prórroga forzosa.

9. ESIXENCIA DE CLASIFICACIÓN E CONDICIÓNS DE SOLVENCIA (Artigo 116.4.c) LCSP)

Medios de acreditación da solvencia económica e financeira (Artigo 87 da LCSP)

Criterio de solvencia e requisitos mínimos: o criterio para a acreditación da solvencia económica e financeira será o volume anual de negocios do licitador ou candidato, que, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, sexa polo menos dunha vez e media o valor da anualidade media do contrato.

Medios de acreditación: O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no dito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Medios de acreditación da solvencia técnica (Artigo 90 da LCSP)

Criterio de solvencia: estimarase solvente o licitador que acredite, nas condicións sinaladas, a realización de contratos correspondentes ao ramo de seguros ao que se licita (responsabilidade civil) cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor da anualidade media do contrato.

A acreditación da solvencia realizarase coa presentación dunha relación na que estea correctamente identificado o obxecto dos contratos, así como o importe, as datas e o destinatario

Medios de acreditación: Unha relación, selada e asinada, dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, realizados no últimos tres (3) anos que inclúa importe, datas e destinatario dos mesmos. Os citados servizos acreditaranse, necesaria e exclusivamente, segundo cal sexa o seu destinatario por:

Certificación expedida ou visada polo órgano competente (é dicir, o órgano de contratación), nos casos en que o destinatario sexa unha entidade do sector público.

Declaración responsable do licitador, nos casos en que o destinatario sexa un suxeito privado.

O citado período de tres anos abarcase:

Respecto do ano 2023 servizos finalizados desde o día equivalente ao seguinte da finalización do prazo de presentación de proposicións e ata o 31 de decembro

Os anos 2024 e 2025 completos.

O período transcorrido do ano 2026, os servizos finalizados ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Os medios de acreditación da solvencia de empresarios non españois de estados membros da UE serán os mesmos que para os empresarios españois.

10. ELECCIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (Artigo 116.4.c) LCSP)

De acordo co establecido na LCSP todos os criterios de adxudicación son cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas e a adxudicación do contrato realizarase tendo en conta a mellor relación calidade-prezo. Os criterios utilizados para a adxudicación do contrato, en orde de maior a menor importancia, serán os seguintes

- ✓ Oferta económica.
- ✓ Incremento nos límites de indemnización establecidos como mínimos no punto 4 do Prego de Prescricións.
- ✓ Medidas relativas ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral
- ✓ Inclusión de retroactividade ilimitada
- ✓ Ampliación do ámbito xeográfico na garantía de Responsabilidade civil por accidentes de traballo
- ✓ Eliminación de franquía para danos persoais
- ✓ Inclusión de coberturas.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FORMULAS	
✓ Oferta económica	49 puntos
✓ Incremento nos límites de indemnización establecidos como mínimos no punto 4 do Prego de Prescricións: × Incremento do sublímite asegurado por accidentes de traballo: ata un máximo de 6 puntos. × Incremento do sublímite da suma asegurada en locativa: ata un máximo de 6 puntos. × Incremento do sublímite asegurado en contaminación accidental: ata un máximo de 6 puntos. × Baixada do sublímite de franquía: ata un máximo de 4 puntos.	22 puntos
✓ Medidas relativas ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral	10 puntos
✓ Inclusión de retroactividade ilimitada.	4 puntos
✓ Ampliación ámbito xeográfico na garantía de Responsabilidade civil por accidentes de traballo: Unión Europea.	2 puntos
✓ Eliminación de franquía para danos persoais.	2 puntos
✓ Cobertura de danos materiais na responsabilidade cruzada do apartado 4.2 . Alcance do seguro apartado Responsabilidade cruzada do Prego de Prescricións Técnicas: entendéndose por tal a que puidese ser imputable ao asegurado para os danos materiais ocasionados polo Asegurado ás obras ou traballos realizados por outros contratistas independentes ou por subcontratistas destes últimos, así como os producidos aos seus bens, maquinaria e equipos.	3 puntos
✓ Cobertura de danos a bens preexistentes prevista no apartado 4.2 do PPT Alcance do seguro Responsabilidades imputables o asegurado: No caso de obras de cimentación, pilotaxes, inxeccións, apuntalamientos, socialzados, recalzos, sobreelevacións, levantamento de estruturas e similares, o seguro ampara os danos causados aos edificios e obras preexistentes, ou á obra realizada sobre a do Asegurado	3 puntos
✓ Inclúese a cobertura de danos materiais a edificios e instalacións lindeiros que poidan resultar afectados pola execución dos traballos	3 puntos
✓ Incluír cobertura de bens en custodia: Responsabilidade civil derivada dos danos causados a bens de terceiros, mesmo cando se atopen baixo o coidado, control ou custodia do Asegurado. Esta cobertura actuará en defecto ou en exceso de calquera outra póliza válida e cobrable subscrita polo Asegurado	2 puntos
PUNTUACIÓN MÁXIMA:	100 puntos

Resultará adjudicataria aquela empresa licitadora que obteña a maior puntuación acumulada segundo a aplicación dos criterios anteriores. Os sistemas empregados para a avaliación e ponderación de cada un dos devanditos criterios serán os seguintes:

✓ **Oferta económica 0 a 49 puntos**

Valorarase coa máxima puntuación a oferta coa prima total máis baixa e a puntuación do resto das ofertas farase dacordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación asignada} = 49 \times \frac{\text{Presuposto de licitación} - \text{Oferta presentada}}{\text{Presuposto de licitación} - \text{Oferta máis favorable}}$$

Terán a consideración de ofertas desproporcionadas ou anormais as proposicións económicas inferiores en máis de 15 puntos porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Neste caso estarase o disposto no art. 149 da LCSP.

O prezo da prima ofertado ten carácter global polo que inclúe todos os factores de valoración e impostos que se devindiquen por razón do contrato

✓ **Límites de indemnización 0 a 22 puntos**

✱ Incremento do sublímite asegurado por accidentes de traballo ata un máximo de 6 puntos.

Outorgaranse 3 puntos por cada subida de 125.000 € respecto do mínimo esixido nos pregos (350.000 €)

✱ Incremento do sublímite suma asegurada en locativa ata un máximo de 6 puntos.

Outorgaranse 2 puntos por cada subida de 200.000 € respecto do mínimo esixido nos pregos (600.000 €)

✱ Incremento do sublímite asegurado en contaminación accidental ata un máximo de 6 puntos.

Outorgaranse 2 puntos por cada subida de 500.000 € respecto do mínimo esixido nos pregos (1.500.000 €)

✱ Baixada da franquía..... ata un máximo de 4 puntos.

Outorgaranse 2 puntos por cada baixada de 300 € respecto do esixido nos pregos (1.500 €).

✓ **Medidas relativas ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral 0 a 10 puntos**

Conforme ao art. 57.1 da Lei 5/2021 de Impulso demográfico de Galicia puntuarase ata 10 puntos, ás empresas licitadoras que dispoñan dun Plan de conciliación da vida laboral e familiar, no cal se recollan as seguintes medidas:

✱ Flexibilidade na organización do tempo de traballo 5 puntos

☑ Flexibilidade horaria 2,5 puntos

☑ Redución de xornada 2,5 puntos

✱ Melloras dos permisos legalmente establecidos (exames, matrimonio, falecemento, etc.)..... 5 puntos

Para acreditar a existencia e o cumprimento dos plans de conciliación aplicables durante a execución do contrato, admitiranse certificados oficiais como a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, o Certificado de Empresa Familiarmente Responsable ou calquera outra acreditación equivalente. Así mesmo, valoraranse os pactos colectivos co persoal ou a inclusión de medidas específicas de conciliación na propia oferta.

Devanditos plans ou acordos deberán presentarse debidamente asinados pola representación empresarial e a parte social. O incumprimento deste requisito formal facultará á unidade técnica para reducir a puntuación obtida nos apartados de flexibilidade horaria, redución de xornada ou mellora de permisos.

As empresas licitadoras comprométense a manter estas medidas durante toda a vixencia do contrato para todo o persoal adscrito, excepto en casos de incompatibilidade manifesta coa actividade laboral. O responsable do contrato poderá requirir a documentación acreditativa en calquera momento. Finalmente, o persoal da adxudicataria dispoñerá do correo electrónico indicado na portada do prego para comunicar posibles queixas ou denuncias por incumprimento destes compromisos sociais.

✓ **Retroactividade ilimitada 4 puntos**

Non se terá en conta, e polo tanto non será merecedora de ningún punto, a retroactividade non ilimitada.

✓ **Ampliación do ámbito xeográfico na garantía de Responsabilidade civil por accidentes de traballo: Unión Europea 2 puntos**

✓ **Eliminación de franquía para danos persoais 2 puntos**

✓ **Ampliación de coberturas..... 0 a 11 puntos:**

✗ Cobertura de Danos materiais na responsabilidade cruzada do apartado 4.2 del PPT. 3 puntos

Alcance do seguro apartado Responsabilidade cruzada do Prego de Prescricións Técnicas: entendéndose por tal a que puidese ser imputable ao asegurado para os danos materiais ocasionados polo Asegurado ás obras ou traballos realizados por outros contratistas independentes ou por subcontratistas destes últimos, así como os producidos aos seus bens, maquinaria e equipos.

✗ Cobertura de danos a bens preexistentes prevista no apartado 4.2 do PPT 3 puntos

Alcance do seguro Responsabilidades imputables o asegurado: No caso de obras de cimentación, pilotaxes, inxeccións, apuntalamientos, socializados, recalzos, sobreelevacións, levantamento de estruturas e similares, o seguro ampara os danos causados aos edificios e obras preexistentes, ou á obra realizada sobre a do Asegurado

✗ Inclúese a cobertura de danos materiais a edificios e instalacións lindeiras que poidan resultar afectados pola execución dos traballos..... 3 puntos

✗ Inclusión da cobertura de bens en custodia 2 puntos

CRITERIOS DE DESEMPATE

En caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións, desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación e en aplicación do establecido no artigo 147 da LCSP, prevalecerán as proposicións presentadas polas empresas que se sinalan a continuación, segundo a seguinte orde de preferencia:

En primeiro lugar:

Empresas que contén no seu cadro de persoal cunha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao 2 por cento:

- ✓ A empresa dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social.
- ✓ A empresa que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

En segundo lugar:

A disposición da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade ou doutra certificación equivalente, ou ben que identifiquen na súa proposición medidas concretas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes e/ou que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Nestes dous últimos supostos, o licitador deberá acreditar a equivalencia do certificado presentado ou das medidas propostas respecto da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade. A acreditación desta equivalencia será achegada no momento de presentar a proposición.

Se o licitador fixese uso desta preferencia, estará obrigado a manter os parámetros de igualdade durante o prazo fixado na adxudicación que, de resultar o contrato de execución sucesiva, será igual á súa duración temporal.

En terceiro lugar:

O licitador cunha maior porcentaxe de mulleres empregadas do persoal adscrito a execución do contrato.

En cuarto lugar:

A empresa que teña unha maior valoración técnica.

No caso de existir igualdade na aplicación da preferencia sinalada anteriormente, realizarase un sorteo nun acto público que se comunicará con antelación suficiente aos licitadores.

A mesa de contratación poderá solicitar canta información estime pertinente aos licitadores para comprobar os datos declarados.

11. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

En aplicación do artigo 202 da LCSP:

- O adxudicatario deberá cumprir as obrigacións aplicables en materia ambiental, social e laboral dispostas pola Unión Europea, o Dereito nacional e os convenios colectivos aplicables.
- En atención ao disposto na LCAP, será obrigatorio para o contratista garantir a seguridade e a protección da saúde no lugar de traballo e o cumprimento dos convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables.
- O contratista deberá someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.
-

12. FINANCIAMENTO E EXISTENCIA DE CRÉDITO

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia será o órgano competente da xestión económica e financeira dos créditos destinados a financiar o expediente de contratación e de contabilizar as operacións contables que se deriven deste servizo. Na partida de Servizos Exteriores da conta de Perdas e Ganancias recollida nos orzamentos de 2026 da Sociedade aprobado polo Consello de Administración o 25 de

setembro de 2025 e que se integra nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma da Galicia para o exercicio 2026, existe crédito adecuado e suficiente para as anualidades nas que se vai a desenvolver o contrato do expediente: **“SERC260101.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL SPI-GALICIA, SA”**, unha vez deducidos os compromisos xa adquiridos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Angela Bouzada Valverde
Coordinadora de Áreas